



A recollida dos hidrocarburos en terra faise utilizando métodos moi diversos. O que dá mellores resultados, e dana menos o ambiente, é o manual.

Para unha recollida eficaz débese actuar:

- Sen pisar os verquidos
- Limpar desde o fondo á beira para non manchar o que está limpo
- Non facer moreas, xa que se filtra cara o substrato
- Evitar os sistemas que recollan demasiada area (pas, excavadoras...) ou deixen as rochas excesivamente limpas (raspados, lavados a presión) que eliminan totalmente a vida que hai nelas e dificultan a posterior recolonización das especies.



Antes de comezar a limpeza é necesario acondicionar e limitar a zona de traballo para evitar que a contaminación se estenda ás zonas limpas.

Adela Leiro
Mon Daporta

Rochas



A limpeza en **zonas rochosas** é unha tarefa dificultosa pola a viscosidade dos hidrocarburos e a irregularidade da superficie das rochas. Nunha primeira fase pódese facer unha **aspiración** con bombas, unha **recollida á man** ou un **raspado**, con paletas, cuñas de madeira, cunchas, tellas, paus...



A limpeza final pódese facer cun **lavado a presión** con auga ou area recollendo o material desprendido.


Limpeza con auga a presión en Muxía. Nos coidos e en zonas de cantos e cascallos a limpeza a presión é moi prexudicial xa que pode enterrar o hidrocarburo producindo danos máis duradeiros.



Praias



A retirada dos hidrocarburos nas praias pode ser unha tarefa doada, a non ser que este penetre no substrato. O mellor método é a recollida **á man** porque é a que menos area retira. Para grandes cantidades úsanse **pas, angazos** ou **forquillas**. Para a recollida de pequenas cantidades o enxeño da xente deulle uso con éxito aos obxectos máis insospeitados: culleres, rodos, táboas, anacos de plástico, paletas de albanel... Para retirar partículas pequenas úsanse **cribas** ou **peneiras, máquinas limpadoras** ou **lávase a area**.



As máquinas limpadoras fan pasar a area por unhas cribas xiratorias ou vibrantes que reteñen os grumos manchados e deixan saír a area limpa. A utilización de maquinaria debe ser o último recurso nas operacións de limpeza porque o peso das máquinas pode contribuír a enterrar os hidrocarburos na area.



O traballo de recollida dos hidrocarburos no mar e nas praias ten que ser complementado cunha infraestrutura en terra que se encargue do subministro, posta a punto e limpeza do material, preparación e distribución de alimentos, aloxamentos, asistencia sanitaria, transporte...




Distribución do vestiario para o voluntariado nunha lonxa.



PROTECCIÓN CONTRA OS HIDROCARBUROS

Os hidrocarburos, pola súa composición, son potencialmente perigosos para a saúde humana, por iso as persoas que entren en contacto con eles deben protexerse para evitar ser contaminadas.



-Ademais débese evitar que traballen nenos, anciáns, mulleres embarazadas, persoas con doenzas hepáticas, cardíacas, respiratorias e da pel.

-Hai que beber auga e zumes abundantes e non tomar bebidas alcohólicas. Evitar ingerir alimentos con exceso de graxas e non fumar.

-Non caso de presentarse algúns síntomas (mareos, dor de cabeza ou abdominal, náuseas...) débese abandonar o traballo e saír a unha zona limpa.

-Ao rematar o traballo hai que limpar a pel e o pelo con aceite cru e logo con auga e xabón, aclarando con auga abundante.

